

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT211B).

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e, no artigo 32, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos colectivos, persoas físicas, entidades locais e industrias culturais que desenvolvan un labor cultural dentro do seu ámbito competencial.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere establecer con esta orde un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á mellora e equipamento dos locais das entidades locais, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No eido concreto das entidades locais, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro da súa aposta pola dinamización cultural do país, considera necesaria a mellora das condicións de equipamento e das condicións técnicas dos locais destas entidades co fin de abrir as súas ofertas culturais aos novos campos da cultura; co obxecto de facilitar o reequilibrio territorial na distribución cultural e tratar de con-



tribuír ao desenvolvemento cultural das zonas menos poboadas, a consellería aposta por apoiar aquelas entidades menos poboadas de xeito que toda a cidadanía teña as mesmas oportunidades de acceso á cultura.

No actual contexto de estabilidade orzamentaria, é necesario consolidar medidas que impulsen e promovan unha xestión eficaz e eficiente e permitan rendibilizar os recursos das administracións, das que son boa mostra as fórmulas de xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de modo que os resultados positivos da posta en común dos recursos permitan continuar prestando uns servizos públicos de calidade sen alterar a estabilidade da situación económica municipal. Así, o Consello da Xunta de Galicia, na reunión do día 28 de febreiro de 2013, adoptou o acordo polo que se aproban os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal. En cumprimento do dito acordo, a presente convocatoria pública incorpora criterios para promover a realización de proxectos conxuntos, presentados por agrupacións ou asociacións de concellos, fronte ás solicitudes presentadas individualmente.

Esta orde tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito adecuado e suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2024, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 18 de outubro de 2023, en que se acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten como obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas á mellora e equipamento das instalacións e locais culturais de entidades locais de Galicia destinados a actividades de carácter cultural, conforme o procedemento que a seguir se establece na presente orde.



2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da convocatoria desta liña de axudas, pretende continuar co labor de mellorar a infraestructura dos equipamentos culturais co fin de dotar dos medios necesarios para que as entidades locais comprometidas coa acción cultural poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestructuras que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía.

3. Serán subvencionables os proxectos constituídos polas actuacións sinaladas no artigo 2, que se desenvolvan no período que comprende desde o 1 de xaneiro de 2024 ata a data final de xustificación establecida no artigo 23 desta orde.

4. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

5. Os proxectos poderán realizarse mediante xestión individual ou compartida, segundo o previsto no artigo 2 da orde, directa ou indirectamente, mediante a concertación con terceiros da execución total ou parcial do proxecto subvencionado, conforme o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. O procedemento de concesión de subvencións regulado na presente orde ten o código CT211B para os efectos de identificación na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e acceso aos formularios específicos, de uso obrigatorio para os interesados.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias e requisitos*

1. Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta convocatoria os concellos de Galicia, mediante solicitude individual ou mediante xestión compartida, a través da solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, as mancomunidades de concellos e consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos; así mesmo, poderán ser beneficiarias as entidades resultantes dunha fusión municipal.

As agrupacións de concellos, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán facer constar expresamen-



te na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención aplicable por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponden á agrupación, que será o receptor da asignación económica. Esta agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da citada lei.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as deputacións provinciais.

2. As entidades locais, ao abeiro desta orde, sen prexuízo do cumprimento da totalidade da normativa aplicable, deberán reunir os seguintes requisitos específicos:

2.1. Requisitos aplicables a todas as entidades locais:

a) Contar cunha programación anual cultural que garanta o compromiso coa acción cultural.

b) Ser titular do inmovible en que se pretenden realizar as actuacións.

c) Os locais culturais para os que se solicite a axuda deberán contar cunha programación cultural estable ao longo do ano ou prestar un servizo público cultural de carácter continuado, agás no caso de locais cuxo proxecto supoña a súa posta en funcionamento.

d) Ter remitido as contas do exercicio orzamentario 2022 ao Consello de Contas de Galicia.

No caso de agrupación ou asociación de concellos, deberán cumprir con este requisito todos os concellos integrantes.

e) O órgano competente da entidade deberá adoptar o acordo de solicitude de subvención respecto do proxecto que se pretenda executar e no cal se acepten as condicións de financiamento e os requisitos establecidos na orde e demais normativa aplicable, así como o compromiso de cofinanciamento para a execución prevista.



No caso de agrupación ou asociación de concellos, todos os concellos integrantes da agrupación deberán adoptar o acordo polo cal se solicita a subvención para os equipamentos e/ou melloras.

2.2. Requisitos aplicables ás entidades que presenten proxectos de xestión compartida.

Ademais dos requisitos relacionados no punto 2.1 deste artigo, as agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades e consorcios locais deberán cumprir as seguintes condicións:

2.2.a) A agrupación ou asociación deberá xestionar o servizo de forma conxunta, o que deberá supoñer un aforro de custos respecto do que implicaría a prestación individual; no caso de mancomunidades e consorcios locais, deberá acreditarse que as actuacións se prestan de xeito mancomunado ou consorciado e que, en todo caso, non supoñen actuacións illadas ou independentes.

2.2.b) A agrupación ou asociación deberá ter subscrito un convenio de colaboración entre todos os concellos integrantes co obxecto de prestar o servizo mediante a xestión compartida, con vixencia durante todo o período respecto do cal se solicita a subvención e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos termos recollidos no artigo 8, punto 10.

No caso de mancomunidades ou consorcios locais, deberán achegar xunto coa solicitude unha certificación expedida pola secretaría onde se fagan constar os concellos membros da mancomunidade ou consorcio local e que participan no proxecto para o que se solicita a subvención.

3. Para poder acceder ás subvencións deberán cumprirse os requisitos e condicións establecidos nesta convocatoria e na normativa xeral de subvencións na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas subvencións as entidades locais en que conorra algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



5. No caso de agrupacións ou asociacións de concellos, todos os concellos agrupados ou asociados deberán cumprir os requisitos anteriores, polo que o incumprimento por parte dalgún dos concellos participantes na solicitude de subvención suporá a inadmisión desta.

6. A acreditación de que as entidades locais non están incursas nas prohibicións ou circunstancias relacionadas nos puntos anteriores realizarase mediante declaración responsable, a través do anexo I de solicitude.

Artigo 3. *Actuacións subvencionables*

1. Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao equipamento e moblaxe de locais; a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local para o que se solicita a axuda e, en concreto: realización de investimentos en equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, equipamento xeral, sistemas de prevención e seguridade, novas tecnoloxías, investimentos destinados á posta en funcionamento de locais para usos culturais, investimentos en bibliotecas ou axencias de lectura pública municipais, investimentos en arquivos municipais, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

2. Cando un inmovible destinado a actividades culturais acolla pola súa vez distintos locais culturais, e o equipamento solicitado afecte dous ou máis locais ou o inmovible no seu conxunto, considerarase este último como local obxecto de subvención.

Artigo 4. *Financiamento e contía das subvencións*

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432B.760.0 (código de proxecto 2015 00370) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024; o importe global destinado ascende a cincocentos mil euros (500.000 €).

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderase ampliar excepcionalmente a contía máxima dos créditos dispoñibles cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do



crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, tras a aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo para resolver.

3. A axuda máxima por entidade local beneficiaria que concederá a consellería será de 30.000 €, que en ningún caso poderá exceder o 90 % do orzamento total do proxecto subvencionable. Este importe de 30.000 € ascenderá a 35.000 € cando se trate de solicitudes realizadas por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e entidades resultantes dunha fusión.

4. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5. *Tramitación anticipada de gasto*

Este expediente tramitarase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2024. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Artigo 6. *Compatibilidade con outras axudas*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O importe da subvención concedida non poderá en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo obxecto e finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados,



nacionais ou internacionais, superar o custo do proxecto que pretende desenvolver a entidade solicitante. No caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

3. No suposto de entidades solicitantes que sexan perceptoras doutras axudas para o mesmo fin concedidas por outra entidade, deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, utilizando o formulario establecido para o efecto no anexo I a esta orde, o cal terá que volver presentarse no suposto de variaren as circunstancias inicialmente declaradas. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 7. *Gastos subvencionables*

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

2. O gasto considerarase realizado, con carácter xeral, cando contabilice o recoñecemento da obriga o órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias deberán acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso do aboamento da subvención na conta bancaria da entidade local beneficiaria.

De conformidade co artigo 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de subvencións de importe superior a 30.000 €, acreditación de ter aboado os gastos das operacións comerciais en que incorra, nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade.

3. Os ditos gastos deberán estar realizados entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data de fin de xustificación do artigo 23.

4. Non serán gastos subvencionables:

4.1. Os gastos relativos á adquisición ou construción de novos locais.

4.2. Os gastos relativos a material consumible ou non inventariable, entendendo por tal aquel cunha duración estimada inferior a un ano, ou de carácter reiterativo.



4.3. Os gastos derivados de calquera tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non recuperable.

4.4. Na adquisición de bens e servizos mediante contratos públicos, non son subvencionables os pagamentos efectuados polo contratista á Administración en concepto de taxa de dirección de obra ou control de calidade e calquera outro concepto que supoña ingresos ou descontos que deriven da execución do contrato.

4.5. Os gastos de xuros debedores en contas bancarias, intereses, recargas e sancións administrativas e penais, e os gastos dos procedementos xudiciais.

5. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionabilidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Cultura por propia iniciativa ou a pedimento de calquera das entidades solicitantes.

Artigo 8. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. Cada entidade local poderá presentar unha única solicitude, ben sexa individual ou a través da xestión compartida, a cal debe corresponderse co proxecto de equipamento dun único local.

Para estes efectos, e de acordo co establecido no artigo 2 desta orde, terán a consideración de solicitudes de xestión compartida as achegadas por agrupacións, asociacións ou entidades locais que integren varios concellos (mancomunidades e consorcios locais).

No caso de xestión compartida mediante agrupación de concellos, a solicitude presentada pola agrupación corresponderase cun único local por cada un dos concellos agrupados.

Ningún concello poderá figurar simultaneamente en solicitude de xestión individual e compartida. O incumprimento desta medida dará lugar a inadmisión da solicitude individual e considerarase efectiva a solicitude de xestión compartida.

Cando o órgano tramitador observe que unha entidade local participa en máis dunha solicitude individual ou en máis dunha solicitude de xestión compartida, poñerá de manifesto para que, no prazo máximo de dez (10) días, poida desistir da solicitude ou solicitudes necesarias para cumprir o establecido neste artigo; de non o facer, non se admitirá ningunha das solicitudes presentadas.



2. As solicitudes formuladas por agrupacións de concellos serán obxecto de inadmisión cando non se acredite na solicitude a realización conxunta da actuación para a cal se solicita a subvención. No caso de mancomunidades e consorcios locais, a prestación deberá xestionarse de forma mancomunada ou consorciada. En ningún caso poderá consistir en actuacións independentes dos concellos que as integran.

3. As entidades locais relacionadas no artigo 2 da orde de convocatoria que desexen acollerse a estas axudas deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes. En todo caso, sempre estarán excluídos do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

4. A presentación realizarase da forma seguinte:

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (anexo I), (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude estará subscrita polo órgano competente do concello, mancomunidade, consorcio ou agrupación, e as declaracións contidas na solicitude, no caso de agrupación de concellos, realizaranse con base nas emitidas polos respectivos representantes de cada un dos concellos que a integran. Estas declaracións orixinais deberán quedar en poder do concello representante para a súa achega no procedemento, de ser requirido polo órgano tramitador.



Artigo 9. Documentación complementaria

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Certificación emitida e asinada electronicamente polo/a secretario/a da entidade local solicitante, na cal se faga constar:

a.1. O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para os equipamentos e/ou melloras que se pretenden executar e se aceptan as condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude. Este acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación das solicitudes. O incumprimento destes requisitos constituirá causa de inadmisión da solicitude.

a.2. Remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario 2022. No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de remisión ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas solicitudes en que non se faga constar a data de remisión. O incumprimento destes requisitos constituirá causa de inadmisión da solicitude.

No caso de agrupacións ou asociacións de concellos, certificación emitida polo secretario ou secretaria do concello representante, en que se faga constar con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos agrupados e/ou nas certificacións emitidas polos secretarios e/ou secretarias dos concellos integrantes da agrupación:

a.3. Que todos os concellos integrantes da agrupación adoptaron o acordo polo cal se solicita a subvención para os equipamentos e/ou melloras que se pretenden executar e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude.

a.4. O nomeamento da persoa titular da alcaldía como representante con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden



á agrupación, e que actuará como coordinador/a, interlocutor/a e perceptor/a da subvención.

a.5. Que todos os concellos participantes na solicitude remitiron as contas do concello do exercicio orzamentario 2022 ao Consello de Contas de Galicia. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas de Galicia se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que a data da sinatura do certificado implicará que a data de remisión das respectivas contas ao Consello de Contas se efectuou, en todo caso, nunha data anterior á emisión do certificado.

Os acordos relacionados deberán estar adoptados e as contas remitidas antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes. O incumprimento destes requisitos ou a falta da referencia expresa ao contido determinado nos números anteriores, aínda que afecte unha soa das entidades agrupadas, determinará a inadmisión das solicitudes.

No caso de mancomunidades ou consorcios locais, deberán achegar xunto coa solicitude unha certificación expedida pola secretaría onde se determinen os concellos membros da mancomunidade ou consorcio e que participan no proxecto para o que se solicita a subvención.

b) Anexo II (memoria resumo do proxecto de investimento), cuberto.

c) Memoria xustificativa do proxecto en que se detalle a necesidade das obras ou equipamentos que se pretenden realizar, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local. A memoria deberá conter unha descrición do investimento ou equipamento e unha reportaxe fotográfica do inmovible ou local obxecto de mellora, con imaxes que recollan o estado exterior e/ou interior da infraestrutura para a que se solicita a subvención. A memoria deberá ter unha extensión mínima de tres páxinas a dobre cara co seguinte formato; Arial, tamaño 12, interliñado sinxelo, aliñación xustificada e marxes de 2 cm.

d) Nas solicitudes de subvención para obras, deberá achegarse proxecto ou anteproxecto da obra que se vai realizar co seguinte contido mínimo: memoria explicativa, orzamento detallado e planos a escala suficiente.



O proxecto ou anteproxecto das actuacións que se van realizar deberá ser asinado por un profesional técnico competente. O orzamento da obra proxectada deberá ter a información suficiente que permita definir e valorar as obras propostas.

e) No caso de solicitudes de subvención para equipamentos, deberá achegarse memoria detallada e valorada do equipamento para o cal se solicita a subvención asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local solicitante, que deberá incluír a descrición e o orzamento detallado do equipamento solicitado, indicando as características técnicas e memoria de calidades de xeito que permitan definir e valorar os equipamentos propostos.

f) No caso de agrupación ou asociación de concellos, memoria de aforro de custos estimado respecto á realización dos proxectos de forma individualizada.

g) Declaración responsable asinada electronicamente polo representante da entidade, en que faga constar que conta cunha programación cultural anual.

Para agrupación ou asociación de concellos, a declaración responsable deberá achegarse para cada un dos concellos integrantes da agrupación ou asociación.

h) Relación detallada e pormenorizada das actividades culturais levadas a cabo no local para o cal solicita a subvención, nos anos 2022 e 2023, nos termos do artigo 15.D. Esta memoria non debe presentarse no caso de que se trate da posta en funcionamento do local.

i) Acreditación, mediante certificado do órgano competente asinado electronicamente, da titularidade do local onde se vai a realizar o investimento.

j) Convenio de colaboración ou instrumento xurídico que regule a agrupación ou asociación, co seguinte contido mínimo:

– Concellos que subscriben o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

– Obxecto, obxectivos e actuacións que se acorden desenvolver para o cumprimento do proxecto que se subvenciona.

– Designación do alcalde ou alcaldesa como representante único/a, que actuará como coordinador/a e interlocutor/a ante a Dirección Xeral de Cultura e que recibirá e xustificará a subvención.



– Os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación de concellos, que incluíra unha referencia expresa ás porcentaxes e/ou importes do financiamento que achegará cada un dos concellos participantes.

– O compromiso de non disolver a agrupación mentres non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) No caso de agrupación de concellos, anexo IV relativo á comprobación de datos de terceiras persoas interesadas.

Sen prexuízo de todo o anterior, a entidade solicitante poderá achegar calquera outra documentación que entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude; así mesmo, a unidade tramitadora das subvencións poderá solicitar a documentación complementaria aclaratoria que considere pertinente.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de ma-



neira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, de dispoñer del.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

c) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

d) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma (Atriga).

e) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

f) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

No caso de agrupación ou asociacións de concellos, consultarase os documentos sinalados de cada un dos concellos integrantes.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

No caso de agrupación ou asociación de concellos, as persoas interesadas declarararán ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente de tramita-



ción, e no caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo no correspondente formulario habilitado (anexo IV) e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Emenda de solicitudes*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exigida, requirirase a entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderase requirir a entidade solicitante para que achegue a información e documentación complementaria que se considere oportuna para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Instrución do procedemento*

1. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no articulado básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a instrución do procedemento de concesión de



subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Logo de revisar a documentación inicial e, de ser o caso, realizado o trámite de emenda, o órgano instrutor remitirá á Comisión de Valoración os expedientes presentados para a súa valoración conforme o principio de concorrencia que rexe as bases reguladoras.

Artigo 14. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración axustarase aos preceptos contidos na sección 3ª da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e estará composta polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

b) Secretaría: exercerá a secretaría da comisión un/unha dos/das vogais da comisión.

c) Vogais: a persoa titular da xefatura do Servizo de Promoción da Cultura, a persoa titular da xefatura do Servizo de Coordinación Administrativa e Apoio Normativo da Área de Cultura e dúas persoas funcionarias nomeadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

2. A Comisión de Valoración poderá requirir ás entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.



3. A Comisión realizará a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos no artigo 15 e de repartición económica, a cal se realizará proporcionalmente ás puntuacións obtidas, cos límites determinados no artigo 4.3 da orde.

Logo de que a Comisión realice a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de valoración e repartición económica, da que quedará constancia en acta motivada, a Dirección Xeral de Cultura elevará a proposta á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, quen resolverá.

Artigo 15. *Criterios de valoración*

1. A Comisión de Valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliaraas cun máximo de 100 puntos, conforme os seguintes criterios:

A) As solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade ou fusión) poderán obter unha puntuación de 30 puntos (dun total de 100), baixo as dúas seguintes modalidades:

A.1. Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal), tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Pola simple presentación da solicitude conxunta nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: 10 puntos.

b) Polo número de concellos asociados, número de servizos que se van prestar de forma compartida, repercusión do proxecto segundo a cifra de poboación total dos concellos participantes: 10 puntos en total, desagregados do seguinte xeito:

– Número de concellos asociados: 4 puntos.

– Número de servizos que se van prestar de forma compartida: 3 puntos.

– Repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total dos concellos participantes: 3 puntos.

c) Pola presentación dunha memoria de aforro de custos respecto da prestación de modo individual: 10 puntos.



A.2. Fusión municipal: outorgaranse 30 puntos pola simple presentación da solicitude por parte da entidade resultante da fusión nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias.

B) Realización de investimentos destinados a fomentar a posta en funcionamento de locais para usos culturais: 7 puntos.

Esta puntuación outorgarase no caso de locais ou instalacións que non acollesen actividades de carácter cultural como mínimo nos dous anos anteriores á data de publicación desta convocatoria, por acoller actividades de ámbito distinto ou por tratarse de locais en desuso, que precisen do equipamento necesario para poder poñer en funcionamento o servizo público de carácter cultural que se pretende.

A obtención de puntuación nesta epígrafe é incompatible coa puntuación relativa á epígrafe D).

C) En función da finalidade do investimento.

Soamente será obxecto de puntuación aquel investimento, dos relacionados a seguir, que supoña máis do 50 % do orzamento total do proxecto obxecto de subvención. Se ningún dos investimentos acadase a dita porcentaxe, a puntuación nesta epígrafe será 0.

C.1. Realización de investimentos relacionados coa accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: 7 puntos.

C.2. Realización de investimentos para dotar de medidas de seguridade, prevención e extinción de incendios: 7 puntos.

C.3. Realización de investimentos en bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais: 7 puntos.

A obtención de puntuación nesta epígrafe está suxeita aos seguintes requisitos:

– A biblioteca ou axencia de lectura municipal debe estar integrada na Rede de bibliotecas de Galicia ou ter solicitado a súa integración (capítulo V do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas) antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



– O cumprimento dun mínimo de 15 horas semanais de apertura ao público da biblioteca ou axencia de lectura.

– Ter cuberta e remitida ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a estatística de bibliotecas do ano 2022 e remitida á Dirección Xeral de Cultura.

Quedan excluídas do cumprimento deste requisito as bibliotecas públicas ou axencias de lectura que fosen creadas ou reactivasen os seus servizos durante 2023 ou 2024, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

– Ter informatizada a xestión da biblioteca ou axencia de lectura.

C.4. Realización de investimentos en arquivos municipais: 7 puntos.

A puntuación nesta epígrafe outorgarase para aqueles equipamentos que afecten os arquivos municipais e contribúan á prestación á cidadanía das funcións que lles corresponden como servizo público de carácter cultural, como son o acceso aos documentos e a información, mediante a consulta, a reprodución directa ou a través dos instrumentos de referencia correspondentes, o desenvolvemento de accións de divulgación e de formación dos fondos documentais que custodien, así como a protección e difusión do patrimonio documental de Galicia.

C.5. Realización de investimentos relacionados con novas tecnoloxías: 5 puntos.

Estarán comprendidos nesta epígrafe o equipamento informático, conexións de acceso á internet, sistemas de retransmisión en directo, dispositivos dixitais portátiles e similares.

C.6. Realización de investimentos relacionados coas escolas de música e espazos para a formación das bandas de música: 5 puntos.

Estarán incluídos nesta epígrafe os investimentos de rehabilitación, mellora e adecuación das escolas de música municipal e aqueles espazos dedicados á impartición de formación en materia musical por parte das bandas de música populares.

C.7. Realización de investimentos relacionados coas actividades de fomento da lingua e da lectura: 3 puntos.

Recibirán puntuación por este tipo de investimento, entre outros, os equipamentos destinados a bibliotecas e/ou axencias de lectura municipais que non cumpran algún dos requisitos recollidos na epígrafe C.3.



C.8. Realización de investimentos relacionados coas artes escénicas: 3 puntos.

Os equipamentos comprendidos nesta epígrafe están relacionados co escenario como espazo físico e inclúen maquinaria escénica superior e inferior, equipamento modular, paneis, téxtiles escénicos, tarimas e similares. Os equipamentos de iluminación e son que se utilicen no contexto dun espazo escénico puntuaranse conforme a epígrafe C.8.

C.9. Realización de investimentos relacionados coa iluminación e o son: 2 puntos.

O equipamento de son poderán estar conformado por procesadores de son, microfonía, altofalantes, sistemas de monitorización de son e similares.

O equipamento de iluminación inclúe tanto os equipamentos convencionais como robotozados de control de iluminación e similares.

C.10. Realización de investimentos relacionados co equipamento audiovisual ou equipamento xeral: 1 punto.

O equipamento audiovisual comprende equipamentos de imaxe, equipamentos de tradución simultánea, accesorios e infraestrutura audiovisual e similares.

O equipamento xeral comprende, por un lado, actuacións de reforma, ampliación e mellora de inmobles e, por outro, aquelas actuacións que permitan dotar os locais de mobiliario ou calquera outro investimento subvencionable que teña unha finalidade distinta á das restantes epígrafes.

D) Número de actividades de carácter cultural realizadas no local para o que se solicita a subvención, nos anos 2022 e 2023:

- De 1 a 5 actividades: 1 punto.
- De 6 a 10 actividades: 2 puntos.
- De 11 a 30 actividades: 3 puntos.
- De 31 a 50 actividades: 4 puntos.
- De 51 a 70 actividades: 5 puntos.
- De 71 actividades en diante: 6 puntos.



Para estes efectos, considéranse actividades de carácter cultural aquelas actividades dirixidas inequivocamente á promoción e difusión da cultura.

As actividades culturais deben prestar un servizo público cultural para a cidadanía destacando, entre outras, actividades de promoción do libro e a lectura, o audiovisual, as artes escénicas, as artes musicais, as artes plásticas e visuais ou a divulgación do patrimonio cultural.

Non se considerarán actividades de interese cultural actividades de contido social, deportivo-recreativo, sanitario, tecnolóxico, turístico, comercial, lúdico ou festivo, gastronómico ou calquera outro que non sexa principalmente a dinamización da cultura nas súas diversas manifestacións e, en todo caso, aquelas que, mesmo tendo un contido cultural, este non constitúa a finalidade principal da actividade.

Cando a actividade de carácter cultural teña un carácter concreto ou individualizado no tempo, para o seu cómputo haberá que achegar a data concreta de celebración, e incluír outros datos identificadores como título da actividade e, de ser o caso, autor, grupo ou compañía que a representa.

Cando a actividade cultural teña unha duración continuada no tempo, como cursos formativos de dinamización cultural, seminarios, obradoiros, ciclos, certames, mostras, festivais de música, entre outros, computarase como unha única actividade con independencia da súa duración. No caso de que as ditas actividades conteñan un programa de actuacións concretas e individualizadas, para que o cómputo se realice para cada actuación, haberá que achegar a data concreta de celebración, o título da actividade e, de ser o caso, autor, grupo ou compañía que a representa.

Non se computarán actividades con idéntico contido ou programación aínda que teñan lugar en datas diferentes dentro do mesmo ano.

E) Distribución poboacional:

- Ata 2.000 habitantes: 10 puntos.
- De 2.001 a 5.000 habitantes: 8 puntos.
- De 5.001 a 10.000 habitantes: 6 puntos.



– De 10.001 a 25.000 habitantes: 4 puntos.

– A partir de 25.001 habitantes: 2 puntos.

F) Nivel de autofinanciamento comprometido para a execución do proxecto:

– Do 11 % ata o 30 %: 2 puntos.

– Do 31 % ata o 50 %: 5 puntos.

– A partir do 51 %: 10 puntos.

As solicitudes que non obteñan un mínimo de 23 puntos non terán dereito á subvención.

Se, por aplicación dos criterios de valoración, dúas ou máis solicitudes obtivesen a mesma puntuación e non é posible por razóns orzamentarias adxudicar a axuda a todas elas, para o desempate terá preferencia, en primeiro lugar, a solicitude presentada pola entidade de menor poboación; en segundo lugar, pola porcentaxe de autofinanciamento que sexa superior; e de persistir o empate, resolverase tendo en conta a data e hora de presentación da solicitude.

Artigo 16. *Proposta de resolución*

1. O órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada, logo de examinar os expedientes e do informe de avaliación emitido pola Comisión de Valoración, repartindo o importe do crédito dispoñible proporcionalmente aos importes das axudas solicitadas e da puntuación obtida. Esta proposta provisional farase pública na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.cultura.gal>

2. As solicitudes admitidas que non acaden unha puntuación igual ou superior a 23 puntos non terán dereito á subvención.

3. A proposta de resolución provisional incluírá a puntuación proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a non admisión das restantes solicitudes. Para os proxectos admitidos, indicaranse aqueles que superaron a puntuación mínima exixida e aqueles aos que se lles denegou a subvención por non acadaren a dita puntuación.



4. No suposto de que algunha entidade beneficiaria renuncie á subvención concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda o reintegro conforme o previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuacións aos proxectos admitidos que acadasen a puntuación mínima requirida e que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto. Actuarase do mesmo modo cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente previsto nesta convocatoria.

5. As entidades locais disporán de dez (10) días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a Dirección Xeral de Cultura no lugar e a forma indicados no artigo 8 desta orde.

En todo caso, as entidades locais que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao Servizo de Promoción da Cultura, no seguinte enderezo: direccion.xeral.cultura@xunta.gal no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo.

6. Logo de examinar as alegacións aducidas polas entidades interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, o proxecto subvencionado e o importe da subvención proposta. Os proxectos propostos ordenaranse por rigorosa orde de incoación dos expedientes.

7. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún en favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Artigo 17. *Resolución*

1. O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo da elevación da proposta de resolución definitiva pola Dirección Xeral de Cultura, ditará a resolución de concesión, debidamente motivada, de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Na resolución constarán a identificación das entidades beneficiarias, o proxecto subvencionado e o importe subvencionado. Os proxectos subvencionados ordenaranse por rigorosa orde de incoación dos expedientes.



Así mesmo, na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda a que quedan sometidas as entidades beneficiarias derivadas da aceptación da subvención.

2. A resolución e concesión notificarase aos interesados consonte o artigo 18 da orde e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, daráselle publicidade na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.cultura.gal>

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco (5) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalizado o prazo máximo establecido sen que se dite e notifique resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 18. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e polas entidades do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de conformidade co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As presentes bases habilitan para autorizar as modificacións das características dos proxectos subvencionados atendendo aos obxectivos e requisitos da orde e ao cumprimento da normativa de aplicación, en particular, ao establecido no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais de Galicia.

3. Unha vez ditada a resolución de concesión, o/a beneficiario/a poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización do proxecto.

4. A modificación poderase autorizar sempre que non supoña un cambio substancial no proxecto inicial e, en todo caso, deberá respectarse o local cultural para o que se pretende realizar o equipamento, e que a dita modificación non ocasione danos a terceiros nin dea lugar a actuacións deficientes e incompletas.

5. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

6. Xunto coa solicitude, a entidade deberá presentar:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.



b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

7. A autorización para a modificación do proxecto acordarase por resolución do órgano competente para a concesión das axudas.

Artigo 20. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para a súa aceptación, e deberán comprometerse a executar a acción subvencionada nas condicións establecidas na presente convocatoria. No caso de non o comunicar no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada, salvo causas de forza maior aceptadas pola Comisión de Valoración e, de non facelo, incorrerá nas responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A renuncia á subvención poderase formular por calquera medio que permita a súa constancia, conforme o establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para as subvencións concedidas a agrupacións ou asociacións de concellos, o escrito de renuncia deberá estar suscrito pola persoa representante de cada un dos concellos.

A presentación da renuncia despois do dito prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución definitiva, excepto supostos de forza maior, será causa de inadmisión de solicitude de subvención na convocatoria da anualidade seguinte para o mesmo proxecto, se a houber.

Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As persoas beneficiarias desta axuda quedarán suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en concreto, estarán obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo e realizar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución das axudas.



2. Xustificar ante o órgano concedente, nos prazos e na forma establecidos nestas bases reguladoras e demais normativa de aplicación, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención e a realización do proxecto que fundamentou a concesión da subvención.

3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos e executar a totalidade das actuacións que integran o proxecto presentado xunto coa solicitude e que fundamentou a resolución de concesión, sen prexuízo das modificacións das características do proxecto subvencionado que o órgano competente poida autorizar de acordo coas prescricións da normativa de aplicación.

4. Realizar o proceso de tramitación e adxudicación da contratación conforme as prescricións recollidas na lexislación sobre contratación administrativa das entidades locais e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, sen prexuízo do establecido no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. Os concellos contratantes serán os responsables directos das consecuencias que dos incumprimentos poidan derivar.

5. Proceder ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, seguindo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos recollidos no artigo 25 desta orde.

6. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

7. Comunicar ao órgano concedente a obtención de axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien os proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme se establece no artigo 26.2 da orde de convocatoria.

10. De conformidade co previsto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de dar a adecuada publicidade do cofinanciamento do proxecto.

As entidades beneficiarias farán constar en toda a publicidade xerada polo proxecto subvencionado que se recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aplicando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia, a través da colocación dun cartel informativo nun lugar destacado e visible para o público, en que deberá constar o anagrama da Xunta de Galicia.

Artigo 22. *Contratación*

1. As entidades locais poderán concertar con terceiros a execución total do proxecto que constitúe o obxecto da subvención. A tramitación e contratación das obras ou equipamentos será realizada polas entidades conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, e serán as entidades contratantes os responsables directos das consecuencias que dos incumprimentos poidan derivar. En todo caso, deberán aterse ao establecido no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Nos supostos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as entidades beneficiarias deberán solicitar e obter, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación e achegalas xunto coa documentación xustificativa da subvención.

Tamén deberá achegar a resolución da adxudicación da obra e/ou equipamento, no cal se xustifique a elección entre as ofertas presentadas que, con carácter xeral, recaerá na proposta economicamente máis vantaxosa. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta economicamente máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria en que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.



Artigo 23. Xustificación

1. As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a achegar a documentación xustificativa, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ata o 30 de novembro de 2024. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de dez (10) días a presente, para os efectos previstos da xustificación das subvencións.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Malia o disposto no punto anterior, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación de prazo son os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas; no caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a entidade beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 50 % do importe total do investimento subvencionable; de non alcanzarse ese mínimo, enténdese que non se logran os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, determinarase a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida.

2. A xustificación realizarase mediante a modalidade de conta xustificativa, a través da presentación por parte da entidade beneficiaria ou, no caso de subvencións concedidas a asociacións ou agrupacións de concellos, polo concello representante, da seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento da subvención (anexo III), debidamente cuberta e asinada pola persoa que exerce a representación da entidade.

b) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto subvencionado procedentes das distintas administracións públicas competentes ou doutros



entes públicos e o compromiso de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta declaración.

c) Conta xustificativa conforme os artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que incorporará:

c.1. Certificación emitida e asinada electronicamente pola secretaría da entidade local beneficiaria ou da entidade local representante, no caso de agrupación ou asociación de concellos, na cal se faga constar:

– O acordo da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ao proxecto subvencionado, coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

– O cumprimento da finalidade da subvención

– Que, segundo informe da Intervención municipal, se tomou razón en contabilidade, na fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

– Que na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

c.2. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios

c.3. Os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 22.2 desta orde e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ser o caso.

d) Resolución de adxudicación da obra ou equipamento realizado, onde quede acreditado, de ser o caso, que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta economicamente máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria en que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.



e) Memoria detallada sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, en que se indicarán, como mínimo: as actuacións realizadas, os resultados obtidos, a porcentaxe de autofinanciamento do investimento que para o mesmo proxecto fixo a entidade, reportaxe fotográfica do lugar onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización; así mesmo, deberán achegarse fotografías do cartel, nun tamaño mínimo A3 que publicite o cofinanciamento do proxecto, facendo constar nel o título da actuación, a referencia á orde de axudas, o importe do investimento e a contía da subvención obtida, de acordo co establecido no artigo 21.10 desta orde.

Ademais da documentación anterior, no caso de proxectos de xestión compartida a través de asociacións ou agrupación de concellos, na memoria deberase explicar o aforro real de custos acadado en comparación cos gastos derivados da xestión individual das actuacións.

3. A Dirección Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento calquera documentación que considere oportuna para a xustificación da axuda.

Artigo 24. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, e antes de proceder ao seu pagamento, a Dirección Xeral de Cultura realizará as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do investimento subvencionado.

2. Non poderá realizarse o pagamento das axudas mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución da procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para os efectos, e de acordo co artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerárase gasto realizado cando contabilizase o recoñecemento da obriga o órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso do aboamento da subvención concedida na conta bancaria da entidade local beneficiaria.



4. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, salvo que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade local beneficiaria das subvencións.

Artigo 25. Reintegro da axuda e procedemento sancionador

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, conforme o procedemento establecido no título II da Lei de subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión a xustificación de conceptos e elementos que representen menos do 50 % do orzamento das actuacións subvencionables.

b) Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade do pagamento da subvención, nos termos establecidos no artigo 24.3 desta orde.

En todo caso será reintegrado o financiamento público polo importe pagado da subvención que supere o custo final xustificado do proxecto subvencionado.

c) Incumprimento da obriga de solicitar e obter un mínimo de tres ofertas, nos supostos en que sexa exixible no artigo 22.2 desta orde ou non achegalas xunto coa xustificación da subvención.

d) De conformidade co previsto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o incumprimento da obriga de dar a adecuada publicidade do cofinanciamento das actuacións, nos termos establecidos nos artigos 20.10 e 22.2.e).

e) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos supostos establecidos no artigo 33 da dita lei ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

Nas solicitudes de agrupacións ou asociacións de concellos, responderán de forma solidaria todos os concellos integrantes da agrupación ou asociación.



2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

3. Ás entidades beneficiarias destas subvencións seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 26. *Recursos*

Contra esta resolución, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso-administrativo que corresponda.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 28. *Normas de aplicación*

No desenvolvemento desta orde observárase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

d) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma.

E suplementariamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificacións das subvencións concedidas na Administración do Estado.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.

g) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

h) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o secretario xeral de Cultura, no ámbito das súas competencias, para emitir as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA, PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS		CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT211B	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE LOCAL <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME <input type="text"/>		PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) <input type="text"/>			
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:			
TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>		CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
DATOS BANCARIOS Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA <input type="text"/>		NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>	
DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO			
PROXECTO QUE SE REALIZAR <input type="text"/>			
LOCAL OBXECTO DA AXUDA <input type="text"/>			
IMPORTE DO PROXECTO <input type="text"/>		IMPORTE SOLICITADO <input type="text"/>	



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO I
(continuación)**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas, previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a cumprir as obrigas e requisitos que se sinalan no artigo 20 das bases reguladoras.




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
**ANEXO I
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Certificación emitida e asinada electronicamente polo/a secretario/a da entidade local solicitante, no que consten os seguintes extremos: - Acordo polo cal se solicita a subvención para os equipamentos e/ou melloras que se pretenden executar e se aceptan as condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude. - Remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario 2022.			
<input type="checkbox"/>	Certificación emitida e asinada electronicamente polo/a secretario/a do concello representante, con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos agrupados e/ou nas certificacións emitidas polos secretarios ou secretarías dos concellos integrantes da agrupación ou asociación, no caso de agrupación ou asociación de concellos: - Que todos os concellos integrantes da agrupación ou asociación adoptaron o acordo polo cal se solicita a subvención para os equipamentos e/ou melloras que se pretenden executar e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total de execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude. - O nomeamento da persoa titular da alcaldía como representante con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación ou asociación, e que actuará como coordinador/a, interlocutor/a e receptor/a da subvención. - Que todos os concellos participantes na solicitude remitiron as contas do exercicio 2022 ao Consello de Contas de Galicia.			
<input type="checkbox"/>	Certificación expedida pola secretaria da entidade, onde se determinen os concellos membros da mancomunidade ou consorcio e que participan no proxecto para o que se solicita a subvención, no caso de mancomunidades ou consorcios locais.			
<input type="checkbox"/>	Anexo II memoria resumo do proxecto de investimento, (cuberto).			
<input type="checkbox"/>	Memoria xustificativa detallada da necesidade das obras ou equipamentos que se pretenden realizar, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local. A memoria contén unha descrición do investimento ou equipamento e acompáñase dunha reportaxe fotográfica do inmovible/local obxecto de actuación, con imaxes que recollan o seu estado exterior e/ou interior.			
<input type="checkbox"/>	Proxecto ou anteprojecto da obra que se vai realizar, asinado por un profesional técnico competente, no caso de que as actuacións comporten a realización de obras, co seguinte contido mínimo: - Memoria explicativa. - Orzamento detallado. - Planos a escala suficiente.			
<input type="checkbox"/>	Memoria detallada e valorada do equipamento asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local solicitante, no caso de que as actuacións comporten a dotación de equipamentos, que deberá incluír como mínimo: - Descrición do equipamento. - Orzamento detallado. - Características técnicas e memoria de calidades.			
<input type="checkbox"/>	Memoria de aforro de custos respecto á realización dos proxectos de forma individualizada, no caso de agrupación ou asociación de concellos.			
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do representante da entidade na que se fai constar que conta cunha planificación anual de actividades culturais. No caso de agrupación ou asociación de concellos, a declaración responsable deberá achegarse para cada un dos concellos integrantes da agrupación ou asociación.			
<input type="checkbox"/>	Relación detallada e pormenorizada das actividades culturais levadas a cabo no local obxecto das axudas nos anos 2022 e 2023, nos termos do artigo 15.D.			
<input type="checkbox"/>	Convenio de colaboración ou instrumento xurídico que regule a agrupación ou asociación, que incluíra os concellos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes; os obxectivos e actuacións que se acorden desenvolver para o cumprimento do proxecto; designación do alcalde/alcaldesa como representante único que actuará como coordinador/a, interlocutor/a e receptor/a e que recibirá e xustificará a subvención; os compromisos de execución por cada concello, que incluíra unha referencia expresa ás porcentaxes e importes do financiamento que achegará cada un dos concellos participantes; e o compromiso de non disolver a agrupación ou asociación mentres non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			
<input type="checkbox"/>	Anexo IV relativo á comprobación de datos a terceiras persoas interesadas, no caso de agrupación de concellos.			
<input type="checkbox"/>	Calquera outra que se entenda pertinente.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Certificado da titularidade do local no que se vai realizar o investimento.			




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
**ANEXO I
(continuación)**
COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Dirección Xeral de Cultura.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT211B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO II

MEMORIA RESUMO DO PROXECTO DE INVESTIMENTO**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

PROXECTO DE INVESTIMENTO

DENOMINACIÓN

ORZAMENTO TOTAL

IMPORTE SOLICITADO

LOCAL OBXECTO DA AXUDA

POSTA EN FUNCIONAMENTO DO LOCAL OBXECTO DO INVESTIMENTO (cítase, se é o caso)

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO II
(continuación)**DETALLE DO INVESTIMENTO**

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE	PORCENTAXE
MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS		%
MEDIDAS DE SEGURIDADE, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS		%
EQUIPAMENTO EN BIBLIOTECAS OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS MUNICIPAIS INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA		%
EQUIPAMENTO EN ARQUIVOS MUNICIPAIS		%
NOVAS TECNOLOXÍAS		%
INVESTIMENTOS EN ESCOLAS DE MÚSICA E ESPAZOS DE FORMACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA		%
FOMENTO DA LINGUA E DA LECTURA		%
EQUIPAMENTO ESCÉNICO		%
EQUIPAMENTO DE ILUMINACIÓN E SON		%
EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL		%
EQUIPAMENTO XERAL		%
TOTAL		

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO LOCAL

Nº DE ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADAS NO LOCAL CULTURAL NOS ANOS 2022 E 2023	
NÚMERO DE HABITANTES DO MUNICIPIO OU MUNICIPIOS	
PORCENTAXE DE AUTOFINANCIAMENTO DO PROXECTO	%

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura



SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

CT211B - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O EQUIPAMENTO E A MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE LOCAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

SOLICITA
Que se proceda ao pagamento da subvención concedida.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto subvencionado, procedentes das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data desta declaración
<input type="checkbox"/> Conta xustificativa conforme os artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais, que deberá conter: <ul style="list-style-type: none"> - Certificación emitida e asinada electronicamente pola Secretaría da entidade local beneficiaria ou da entidade local representante, no caso de agrupación ou asociación de concellos, na que se fagan constar: <ul style="list-style-type: none"> · O acordo de aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria, imputables ao proxecto subvencionado coa seguinte relación: identificación do/da acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente · O cumprimento da finalidade da subvención · Que, segundo o informe da Intervención municipal, se tomou razón en contabilidade, na fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado · Que na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe a contratación do sector público - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios - De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
<input type="checkbox"/> Resolución de adjudicación da obra ou equipamento realizado. No caso de ter solicitado varias ofertas, deberá quedar acreditado que a elección recaeu na proposta economicamente máis vantaxosa; no caso contrario, deberán achegar unha memoria na cal se xustifique expresamente a elección
<input type="checkbox"/> Memoria detallada sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, asinada polo/a representante da entidade local, na cal se indicarán como mínimo: <ul style="list-style-type: none"> - Actuacións realizadas - Resultados obtidos - Porcentaxe de autofinanciamento para o proxecto subvencionado - Reportaxe fotográfica do local onde se efectuaron as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización - Fotografías do cartel que publicite o cofinanciamento para do proxecto subvencionado - Memoria de aforro real de custos (no caso de agrupación ou asociación de concellos)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

Dirección Xeral de Cultura

CVE-DOG: n2dsxx62-4vu5-qz13-1659-lm21t1w1o005





ANEXO IV

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

CT211B - SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O EQUIPAMENTO E A MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

CONCELLO INTEGRANTE DA AGRUPACIÓN	NIF	REPRESENTANTE		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SIGNATURA
		NOME E APELIDOS	NIF		OPÓÑOME Á CONSULTA	
				Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga Consulta de concesións de subvencións e axudas Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> AUTORIZO A CONSULTA	
				Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga Consulta de concesións de subvencións e axudas Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> AUTORIZO A CONSULTA	
				Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga Consulta de concesións de subvencións e axudas Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> AUTORIZO A CONSULTA	
				Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga Consulta de concesións de subvencións e axudas Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> AUTORIZO A CONSULTA	



ANEXO IV (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Dirección Xeral de Cultura.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Lugar e data , de de